

RESUMO DA PROGRAMACIÓN DA MATERIA

Materia/Módulo	Bioloxía e xeoloxía	Curso	4º ESO
Profesor/a	Alberte Rodríguez de Bernardo		

CONTIDOS

1º TRIMESTRE	Bloque 1: A evolución da vida 1.- A célula 2.- As bases da herdanza 3.- A transmisión dos caracteres 4.- A enxeñería xenética
2º TRIMESTRE	5.- A orixe da vida e a evolución Bloque 3: Ecoloxía e medio ambiente 6.- Os ecosistemas e os factores ambientais 7.- A materia e a enerxía nos ecosistemas 8.- Os ecosistemas e o ser humano
3º TRIMESTRE	Bloque 2: A dinámica da Terra 9.- Un planeta dinámico 10.- A evolución do relevo 11.- Estudamos a historia da Terra 12.- A historia da Terra
Todo o curso	Bloque 4: Proxecto de investigación

AVALIACIÓN

INSTRUMENTOS	VALORACIÓN
Probas escritas	70%
Boletíns de exercicios/ Caderno/Actividades aula virtual Traballos/proxectos Actitude e traballo persoal	30%

Calificación final da avaliación:

- > Farase a media aritmética das **probas escritas** de cada avaliación. Para poder facer media a **nota mínima das probas será un 3**. Considerarase que esta parte da materia está superada se se acada unha media igual ou superior a 5.
- > Ás probas escritas haberá que engadirle as calificacións dos cadernos do alumnado, proxectos e ou traballos e a observación directa do traballo e actitude na aula.
- > En xeral, as probas escritas terán unha porcentaxe na calificación final dun 70% e o 30% restante incluírá os demais instrumentos de avaliación.
- > A avaliación considerase superada se a media ponderada é igual ou superior a 5.
- > Traballo na aula (observación): Por cada anotación positiva ou negativa subirase ou restarase 0,1 da cualificación final. Se non se realizan anotacións significa que a actitude e comportamento é correcto e manterase a nota media da avaliación.
- > Estableceranse datas de entrega para os traballos, proxectos, actividades ou calquer outra produción realizada polo alumnado.
 - *En prazo: calificación resultante da súa avaliación
 - *Prazo extraordinario: reducirase a calificación final un 20%
 - *Fóra do prazo extraordinario: recollerase igualmente pero a calificación non se terá en conta na calificación final da avaliación, pero si na recuperación ou subida de nota da mesma.
- > Non se aplicará **redondeo** na calificación final de cada avaliación, pero si para a avaliación final tendo en conta neste caso a nota media de cada unha das avaliacións. O redondeo aplicarase a partir do decimal 5 cara arriba ou cara abaixo dependendo do traballo, actitude, interese e implicación de cada alumno e alumna durante o desenvolvemento da materia.

Procedemento de avaliación ordinaria e extraordinaria:

- > A materia considerase superada se o alumno/a non ten ningunha avaliación suspensa ou si tendo un 4 nunha, a media aritmética das tres avaliacións é superior a un 5.
- > O redondeo aplicarase a partir do decimal 5 cara arriba ou cara abaixo dependendo do traballo, actitude, interese e implicación de cada alumno e alumna durante o desenvolvemento da materia
- **Procedemento recuperación avaliación ORDINARIA:** **O alumnado que non supere a materia disporá dun exame final en xuño.** Este exame incluírá preguntas de desenvolver dos estándares de aprendizaxe puramente conceptuais, por outra banda, poderase esixir a entrega do caderno de actividades e traballos desenvolto durante a materia có fin de avaliar os estándares de aprendizaxe máis procedimentais.
- **Procedemento recuperación avaliación EXTRAORDINARIA:** No período comprendido entre a avaliación ordinaria e a extraordinaria o alumnado que non superara a materia realizará unha serie de actividades de recuperación que permitirán traballar e reforzar os mínimos esixibles para superar a materia. Ademais (segundo o criterio do profesor) poderá esixirse a realización e superación dun exame final da materia no que se incluírán preguntas e cuestións sobre os mínimos esixibles.

RECUPERACIÓN

- > As medidas a aplicar para a recuperación dunha avaliación dependerá das causas de non ter superada dita avaliación e serán establecidas polo profesor da materia.
- Polo tanto, se nunha **proba escrita** se acada unha calificación inferior a 3, o alumno ou alumna terá que repetir esta proba na recuperación final da avaliación que se realizará despois da sesión de avaliación (salvo na terceira avaliación que coincidirá coa recuperación final da materia). **Se tendo máis dun 3 nas probas escritas a media destas non acadase un 5** terase que repetir a proba ou probas non superadas (sempre baixo o criterio do profesor que indicará que proba ou probas teñen que ser repetidas).
- **Caderno da materia e traballos e proxectos.** No caso de non ter entregado o caderno ou traballos da avaliación ou ben porque estes non acadaron o mínimo na calificación (incompletos, entregados fora de prazo, baixa calidade, copia parcial ou total dos mesmo...) terán que ser entregados novamente debidamente

completados na data fixada polo profesor/a.

- **Observación na aula:** as malas actitudes, falta de traballo e aproveitamento do tempo poderán ser causa da non superación da avaliación. Neste caso a maneira de recuperar esa avaliación será cambiar estas condutas.

MATERIAL

- Libro de texto
- Arquivador (Follas cuadrículadas e funda de plástico co nome e curso)
- Tesoiras, pegamento, lápices de cores.
- Outros materiais para a realización de proxectos que serán comunicados con anterioridade



Eu, pai/nai/titor/a legal do/a
alumno/a Recibín o resumo da
programación da materia de bioloxía do 4º ESO.

En San Cibrao a de setembro do 2022.

Fdo. Pai/nai/titor/a legal